

1 Poderán concorrer a este concurso literario, alumnos e alumnas de Ensino Secundario, Bacharelato e Ciclos Formativos en dúas modalidades:

Modalidade A: Alumnado de 12 a 15 anos.

Modalidade B: Alumnado de 16 a 20 anos.

2 Presentarán catro poemas inéditos, de tema e forma libres, escritos en galego.

3 Concederanse cinco premios.

Modalidade A: Primeiro premio - 150€

Segundo premio - 100€

Modalidade B: Primeiro premio - 200€

Segundo premio - 150€

Terceiro premio - 100€

Os premios poderán quedar desertos.

4 Os traballos presentados ao concurso non levarán nome de autor ou autora, senón un pseudónimo ou lema.

Nun sobre pechado introduciranse os datos persoais do autor ou autora:

Nome e idade

Enderezo e teléfono

Enderezo electrónico

Curso e centro onde estuda

Fotocopia do DI

No exterior do sobre figurará o pseudónimo ou lema e a modalidade pola que concurra.

5 Toda a documentación citada na base anterior deberá remitirse por correo ordinario ao seguinte enderezo:

VIII CERTAME DE POESÍA XELARIAS

IES A Sangriña

Avda. de Portugal, 21

36780 - A Guarda (Pontevedra)

6 O xurado estará constituído por especialistas en Literatura Galega. A presidencia será asumida pola Directora do IES A Sangriña ou persoa en quen delegue.

7 A decisión do xurado, que será inapelable, adoptárase por maioría simple. A participación no certame supón a plena aceptación destas bases. En caso de dúbida prevalecerá única e exclusivamente a opinión do xurado.

8 O IES A Sangriña reserva o dereito de publicar parte ou totalidade dos poemas premiados. Neste sentido, os autores e autoras renuncian a favor do IES A Sangriña, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración por dereitos de autoría.

9 A data límite para enviar os traballos será o 6 de xuño de 2014.

10 O fallo do xurado comunicarase ás persoas premiadas e farase público o día 17 de xuño de 2014.

11 A entrega de premios terá lugar o día 20 de xuño nun acto literario en homenaxe a Xela Arias no IES A Sangriña.

bases VIII certame poesía XELA ARIAS